

OSO PARDO IBÉRICO

Alberte Regueiro Franco

Constitución: Robusto, con patas curtas, marcha plantígrada e rabo reducido. Pelaxe longa e lanuda. Cabeza redonda con ollos pequenos. Sentidos máis desenvolvidos son o ouvido e o olfato, en menor grao a vista.

Tamaño: Os machos soen ter entre 80-300 kg. e uns 2 m. de lonxitude, as fêmeas, de menor tamaño, soen pesar de 65-220 kg. e ter 1,5 m.

Cor: Variábel, aínda que soen ter a punta dos pelos loiras, as patas son negras.

Fórmula dentaria: I 3/3, C 1/1, PM 2/2, M 2/3 = 34

Os dentes molares son planos e de tubérculos romos. Os caninos xustapóñen-se en tesoura -a peza superior máis grande detrás da inferior.

Voz: Ao contrario que os cánidos empregan poucas vocalizacións, a excepción de gruñidos, para comunicaren-se. Recorren a escasas expresións faciais.

Alimentación: A súa alimentación é fundamentalmente vexetariana e complementa-se con mel, caza, pesca, carroña e algun que outro insecto. Consome diariamente de 12 a 16 kg.

Tempo de hibernación: De 2 a 3 meses (en invernos moi duros).

Constantes fisiolóxicas durante a hibernación: O oso pardo, cando hiberna presenta unha actividade moi baixa dos aparatos dixestivo e renal, sen orinar nen defecar, xunto cunha diminución no ritmo cardíaco e unha redución ao 50% do consumo de osíxeno.

Durante este período dorme enroscado, co fuchiño a carón do rabo. Neste estado tórpico entra de forma paulatina.

Desprazamentos: A pesar do seu aspecto despraza-se a distancias considerábeis nun só día (especialmente os machos xovens), debido ao seu marcado nomadismo.

Distribucións e poboacións: Na Galiza ven-se esporadicamente polos Ancares.

Na Península hai dúas poboacións: unha pirenaica e outra cántabra, e esta última dividida en dous núcleos illados e independentes.

A poboación cántabra no ano 86 (cifras do FAPAS) era de 69-70 individuos no núcleo occidental e de 13-20 no núcleo oriental.

A poboación do núcleo occidental espalla-se por: metade de Astúrias, Ancares (galego-leoneses) e unha fina franxa do NO leonés.

A poboación do núcleo oriental: nos límites das provincias de Cantabria, Palencia e Serra e Val de Riaño (León).

A poboación mínima viábel para a non extinción da especie é de 50-90 osos, cunha área mínima de 1000-15000 km. cuadrados.

A poboación pirenaica, con 12 individuos e cunha superficie de 600 km², está abocada á extinción; no mesmo caso está a poboación do Cantábrico oriental, cunha poboación de 20 osos e unha superficie de 2600 km².

Gregarismo: Especie moi individualista, solitaria e nómada, que só se emparella para a reprodución. Carece de territorialismo.

Período nicterial: O oso é unha especie fundamentalmente crepuscular e nocturna, aínda que se lle pode sorprenden durante o día alimentando-se. Isto explica-se polo acoso que padece por parte do home.

Predores ou inimigos: Todos os perigos veñen-lle do home en forma de: incendios forestais, deforestación, venenos, caza, cepos e un longo etcétera.

Parásitos: O autor descoñece-os.

Estratexia demográfica: Taxa de natalidade baixa compensada só por unha lonxevidade relativamente grande. Boa parte das especies en regresión presentan unha estratexia demográfica de similares características, tal é o caso da Foca monxe do Mediterráneo (*Monachus monachus*).

Lonxevidade: Entre 20-25 anos (en cautividade até 47 anos); soen vivir menos.

Taxa de natalidade: Na poboación occidental a parideira media anual é de 22 crias, cunha mortandade xuvenil entre o 1º e o 2º ano do 23,61 %. Na poboación cántabra oriental a parideira media anual está nas 4 crias.

Taxa de mortandade: Entre 1979-81 morreron na poboación cántabra entre 20-25 exemplares. Entre 1986-87 foron 9 osos.

Sex ratio: Entre as crias recién nadas a proporción debe ser loxicamente moi próxima ao 50%. Nos

Nome científico: *Ursus arctos*

Grupo: Vertebrados

Clase: Mamíferos

Orde: Carnívora

Familia: Ursidae

Xénero: Ursus

Nomes noutras linguas:

Portugués: Urso



Euskera: Hartza

Catalán: L'os terrós

Español: Oso pardo

Francés: L'ours brun


Italiano: L'orso bruno



adultos, sen embargo, é moi probábel que exista unha maior proporción de individuos machos que de fémias.

Madurez sexual: Entre os 3,5 e 5,5 anos. Estudos levados a cabo con outras especies de mamíferos demostraron que, como resposta a un descenso da densidade demográfica, a idade de madurez sexual se via reducida notabelmente, tendo as fémias a primeira camada a idades moi cedas. Isto da-se en especies como as baleas, os pinnípedos e posibelmente tamén no oso pardo ibérico.

Frecuencia da cria: As fémias de oso pardo das zonas interiores septentrionais, como é o caso do oso pardo peninsular, non soen



parir máis de seis ou oito crias ao longo da súa vida, de aí deriva-se a agresividade das fémias pola ánsia de ter unha descendencia afortunada. A idade na que unha fémia pare por primeira vez, así como o número de crias e o intervalo entre as camadas, dependen máis de factores alimentarios. O intervalo máis normal é de 3 anos.

Xestación: O período aproximado de xestación é de 9 meses. Un dato importante a ter en conta é que a ovulación é inducida pola cópula e que a implantación do óvulo fecundado se retrasa até que a

fémia se refuxia nunha cova ou oco para hibernar.

Camada: No primeiro parto teñen só osiño ou esbardo, e dous ou tres en partos sucesivos.

Época de parto: Xeralmente paren entre Xaneiro e Febreiro.

Desenvolvemento da cria: Os esbardos soen nacer cun peso aproximado de 350 gramos, cáseque non teñen pelo e están totalmente indefensos. Permanecen no refuxio coa nai até Abril ou Xuño. Abren os ollos ao cabo de 28 ou 35 días despois do parto. O período de lactancia é de 3 a 4 meses. Os osiños acompañan á nai durante 18 meses. Ao ano pesan de 15-20 kg e no segundo ano de 30.35 kg.

Categoría de risco (UICN): (E). En perigo de extinción na Península Ibérica. A especie (*Ursus arctos*) está no Apéndice I da Convención sobre Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres, celebrada pola UICN en Febreiro de 1972 na cidade de Washington, con asistencia de máis de 20 Estados, entre eles o español.

A Convención entrou en vigor o 1 de Xullo de 1975. Conta na actualidade con 32 estados membros, entre eles, por desgracia é norma, non está o Estado español, aínda que ten algunha filial da Unión Internacional para a Conservación da Natureza e os Recursos Naturais (UICN).

Dentro do Apéndice I están incluídas as especies en perigo de extinción que están afectadas, ou poden estarlo proximamente, polo comercio. Deste xeito, trata-se de controlar o comercio, através de unha regulamentación que impede tanto importar como exportar estas especies.

Multas por captura ou morte ilegais: 1 millón e medio de pesetas. A pesar desta medida seguen morrendo en mans dos furtivos os derradeiros osos ibéricos.

BIBLIOGRAFIA

- BUNELL, Fred : «Oso pardo», in *Enciclopedia Natura*, Tomo I.
- PURROY, Francisco J. e CLEVENGER, Anthony P.: «El Oso en León». Universidade de León, 1988.

Dados Históricos do Oso na Galiza

Galiza limita ao Leste con dúas comunidades oseiras, Astúrias e León, e cunha terceira que o foi até 1920: Zamora. De isto deriva-se a presenza de osos nas dúas provincias galegas máis orientais: Lugo e Ourense, aínda que o oso anteriormente habitou tamén nas provincias da Coruña e Pontevedra.

A primeira referencia coñecida sobre a presenza deste plantigrado na Galiza data de 1340, no libro *El Libro de la Montería* do rei Alfonso XI, onde aparecen citadas unha serie de localidades galegas oseiras.

Hai un século a especie só estaba presente nas comarcas máis ailladas e montañosas de Lugo. A comezos deste século XX os derradeiros osos do país estaban refuxiados na zona oriental de Lugo e até os nosos días foi-se reducindo a superficie percorrida polos plantigrados nesta provincia.

As últimas referencias da presenza de osos nas terras galegas datan de 1979, 1981 e 1989 (hai que desconfiar desta última data, segun o autor).

A principal causa da desaparición do oso, tanto nos Ancares como nos montes de Cervantes, parece deber-se aos cebos envelenados con estricnina, así como aos lazos, cepos e caza «deportiva» e intensa deforestación. Na Galiza atribuíase-lle á graxa do oso propiedades medicinais e en León era moi estimada a súa carne. Isto contradi o respecto que os montañeses de Lugo dician ter cara ao oso e á súa vida; para comé-lo antes hai que matá-lo. Incluso hoxe quedan xentes en Galiza

que lle meten o dente a un porco teixo (ou teixugo) ou a un corvo mariño.

Como di o autor, a estas alturas sería infantil pensar nunha futura poboación ursina na Galiza. Todo o que podemos esperar é que a especie se afiance nos Ancares. Non esquezamos que o bosque galego de carballos (*Quercus robur*) foi reducido ao 1%, que as faias do Caurel están, ao parecer, enfermas, que o eucalipto ocupa xa o 10% da superficie total (que non forestal) de Galiza, etc...

En vista de isto, bastante sorte teremos con que o oso siga aparecendo esporadicamente polos Ancares. O tema da protección de Ancares foi tratado algunha vez no Parlamento Autónomo, presumibelmente cando a ninguén se lle ocorria de qué falar. O certo é que se trata dunha das mellores zonas da montaña (antropoloxía, flora e fauna) de toda Europa, e é unha vergoña que aínda estexa sen protexer só porque na Xunta non exista vontade para isto.

Un experto en osos pardos dixo que debe ser (ironicamente) «tremendamente difícil» que representantes da Administración de Castela-León, Cantábria, Astúrias e Galiza se senten a falar sobre unha protección articulada do oso entre as catro comunidades autónomas. Algo tan miserábel e estúpido como militar en distintos partidos políticos impede-lles sentaren-se xuntos e falar. Como recalca o autor, ¿non se dan conta de que por cima das ideoloxías, todos eles teñen en comun ser españois? Por todo isto e por moito máis que sería prolixo de enumerar, o autor é francamente pesimista respecto ao futuro do oso pardo na Galiza (pesimismo compartido polo tradutor). Ao fin, din que un pesimista é un realista ben informado. Desgraciadamente, nesta terra non volverá a ter sentido o vello refrán de : En Febreiro, sae o oso do seu oseiro.

* Resumo dun orixinal de JUAN CARLOS CABRERO FIGUEIRO aparecido na revista QUERCUS, traducido por Alberto Regueiro Franco.